

REGULACIONES DAS CONDICIONES XERAIS DE ORDENACION  
E APROVEITAMENTO.

---

CAPITULO I.- NATURZA E PARAMETROS DAS ORDENANZAS XERAIS.

---

1.1.- DEFINICION.-

As ordenanzas xerais constituen a explicitación dos parámetros que regulan e axeitan as edificacións ás previsións de aproveitamento, ó tempo que ós criterios do ordenamento urbano, para os que son dadas, dentro do marco da normativa vixente de aplicación.

1.2.- APLICACION.-

a) As ordenanzas xerais son de obrigado cumprimento en todas as obras de novas construcións, na reestructuración das existentes, como en calquera acción urbanística de edificación ou aproveitamento levada a cabo no ámbito do ordenamento para o que foron redactadas.

b) O cumprimento das ordenanzas xerais non dispensa da obriga do acatamento das disposicións legais do ordenamento xurídico ou procedementos administrativos, cos que as ordenanzas son compatibles ou, en todo caso, subsidiarias e complementarias.

